

Montse Fajardo: «Na historia dos homes atopei o padecemento das mulleres»

Montse Fajardo, escritora da Memoria Histórica das Mulleres, estará en Marín hoxe, 18 de agosto ás 13.00 horas poñendo voz á homenaxe que a Asociación de Memoria Histórica de Marín lle rende a Carmen Pesqueira Domínguez, A Capirota, na Rúa da Roda.

17 de agosto de 2023 por [Cristina Corral](#)

<https://diariomarin.com/gente/montse-fajardo-na-historia-dos-homes-atopei-o-padecemento-das-mulleres/>

A primeira vez que Montse Fajardo escoitou falar das “historias da guerra” era unha nena. A súa avoa Pepita sementou sen ela sabelo o xermolo do que había ser o seu traballo posterior. Anos de investigación e de moita escoita fan de Montse unha das voces expertas en memoria histórica da nosa comunidade. No seu haber, moitas publicacións ao respecto como *Matriarcas*, *Un cesto cheo de mazás* ou *Invisibles* onde a muller é un pilar fundamental, porque como ela mesma nos di: “sempre busco nas historias dos homes, o padecemento das mulleres”.

Cantos anos leva falando de memoria histórica?

Montse Fajardo: A principios de século xa facía artigos sobre memoria no Faro de Vigo, así que levo uns vinte anos a voltas coa teima...buf, como pasa o tempo.

Que a levou por ese rego?

MF: Non podo coa inxustiza, non son quen de mirar cara a outro lado. E penso que poucas cousas foron tan inxustas como a de cubrir cunha lousa de silencio ás vítimas do franquismo ou, o que é aínda peor, intentar manchar a súa memoria impoñendo un relato manipulado. Por iso para min é tan importante a memoria, porque creo que axuda a reparar o dano e a construír unha sociedade mellor... A verdade é que foi un tema que sempre me interesou moito. Xa contei moitas veces que a miña avoa Pepita me contaba as agachadas historias de veciñas ás que lle levaran o fillo, e aínda que eu era moi nena penso que a semente estivo aí, no seu empeño en non esquecer...

Que aportou á súa vida o se volcar neste tipo de proxectos relacionados coa memoria histórica?

MF: Moi boa pregunta. Non sei o que puiden aportar eu á loita pola memoria pero si podó asegurarche que a memoria foi para min unha táboa de salvación nunha época complicada da vida... Separeime, perdín o traballo e de súpeto tiña outras dez avoas, dez matriarcas mimándome e acompañándome nas charlas sobre o meu primeiro [libro](#). *Matriarcas* foi ademais o que me abriu a porta ao programa A memoria das mulleres do Concello de Pontevedra e, a partir de aí, tiveron a sorte de poder dedicar a miña vida profesional ao que máis me satisfacía, que era investigar e divulgar a memoria. Así que, débolle moito.

Como de receptiva ve á sociedade cos temas da memoria?

MF: Pois eu creo que moito máis do que pensamos. Tanto no concello como nos dous anos que pasei como técnica de Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra, puiden comprobar como o público enchía os actos que faciamos. Mesmo a xente moza amosaba moito interese nas charlas dos institutos. E o mesmo pasa arredor dos [libros](#) relacionados coa temática. Certo é que hai quen pensa: “aí está a esquerda coas batallitas dos avós” ou quen ten discursos demagóxicos contra gastar cartos en memoria, pero é un sentir minoritario. Estou convencida de que é máis a xente que valora que se fagan políticas públicas de memoria.

Recolle nos seus libros moitas historias de vidas truncadas, traballar con este tipo de material “sensible” ten que ser moi duro, que a fai seguir adiante?

MF: Certo que foi unha época dura, de historias ben tristes, pero foron tantas as orfas, as irmás, os netos, que nos daban as grazas por restituír a historia da súa familia, por vindicar o alto prezo que os seus pagaran por defender a democracia, que o duro para min sería deixar de facelo.

Leva anos investigando sobre memoria, hai algunha historia que a impresionase dalgún xeito especial?

MF: Se teño que quedarme cunha historia sería a de Carmen, a Carrilla. Sempre falo dela. Porque foi a primeira que rescatei pero tamén porque me fixo entender que máis alá das vítimas evidentes, dos homes asasinados, había todo un ronsel de padecemento: o das viúvas, como a súa nai, Manuela, que logo de atopar o cadáver do home, toleou e acabou os seus días no manicomio de Conxo. Carmen, que tivo que poñerse a servir con dez anos para ter un teito e un prato de comida que levar á boca, dicía sempre que ademais dos que mataron, as que quedaron vivas tamén padeceron moito e tamén debían ser vindicadas como vítimas. E *As que quedaron* foi precisamente o título do primeiro texto que escribín para o Concello de Pontevedra. Desde aquela, sempre busco nas historias dos homes, o padecemento das mulleres. Como me dixo unha vez unha neta: o conto non acabou cando mataron o meu avó, aí empezou outro gran drama: o da miña avoa. E ten razón...

Que lle ensinaron as persoas que pasaron por estes anos da historia?

MF: Pois mira, xa cando escribín *Matriarcas*, que estabamos aínda inmersas na crise económica, moita xente dicíame: “Ao final, queixámonos de vicio. Estas mulleres si que o pasaron mal e tiraron para adiante...” Pero eu creo que a lectura nunca debe ser que xa houbo quen estivo peor ca nós senón que houbo unha xeración que loitou moito por legarnos unha sociedade mellor, libre, laica, republicana, que puña nun altar o ensino e a innovación científica, non a relixión. Unha sociedade avanzada que aínda non fomos quen de materializar. Iso foi o que me ensinaron: cales deben ser os valores na loita.

Formou parte do equipo do programa A memoria das mulleres, promovido a Concellería de Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra. Cal foi o detonante do nacemento de este programa?

MF: O goberno municipal de Pontevedra, e penso que nomeadamente o concelleiro que ideou o proxecto, Luís Bará, tiñan claro que a memoria, igual que a cultura, o urbanismo ou a promoción turística, precisaban dunha política pública dotada de orzamento, persoal e sobre todo, dotada de contido, cun proxecto claro. Non basta dicir que un goberno apoia a memoria histórica, hai que poñer en marcha iniciativas que incidan na investigación, a divulgación e a homenaxe ás vítimas. Desde o meu punto de vista é tamén preciso contar cunha perspectiva de país, porque o que pasou en Galiza é distinto do que pasou noutros puntos do Estado onde si houbo campo de batalla; con perspectiva de clase, para non deixar ninguén atrás, e con perspectiva de xénero, que foi a predominante no proxecto pontevedrés.

Cal pensa que é a eficacia deste tipo de iniciativas sociais?

MF: Hai unha anécdota que penso que explica moi ben a importancia de que existan políticas públicas de memoria. O primeiro acto do Concello no que eu participei foi unha homenaxe ás pontevedresas represaliadas, incluíndo esa perspectiva de *As que quedaron*: viúvas, orfas... Era un acto moi sinxelo: colocamos unha foto de cada unha das mulleres homenaxeadas no escenario do Teatro Principal e alguén da familia pousaba diante unha vela. Houbo un pouco de música, faláronse Bará e o alcalde... e ao saír, atopeime co neto dun asasinado. Eu quixera falar con el para incluír na homenaxe a súa avoa, e el negárase: “o que pasou, pasou”, dicía. Pero ao rematar o acto achegouse a min e díxome: “eu non sabía que as iades tratar así de ben, que as iades tratar como vítimas e non como *rojas* apestadas. Pero gustoume o acto, gustoume que o alcalde falara ben delas... Vén por casa”. E a da súa avoa foi unha das biografías que colgamos na web *Do gris ao violeta*. A el deulle medo o que puideramos facer coa súa historia familiar pero ver que a Pontevedra que durante tantos anos os sinalara agora lles rendía homenaxe oficial, foi para el sanador. E para nós moi emocionante.

Cree que a xente nova ten suficiente información sobre o acontecido no tempo da Guerra de España?

MF: Nesas charlas en institutos das que che falaba antes, ademais de percibir o interese da rapazada tamén puiden constatar que o descoñecemento sobre a historia recente do noso país é moi alto. Boa parte da mocidade non sabe nin quen foi Franco, e iso non é algo casual. Hai moito empeño por agochar a historia, non sexa que nos deamos conta de que foi verdade aquilo de que o ditador deixaba todo atado e ben atado... Unha das nosas teimas ten que ser reverter iso: empéñanse en que non se pode “politizar” as aulas pero unha cidadanía que non está formada en valores, non poderá sustentar unha verdadeira democracia. E así pasa, que a mesma ultradereita que deu un golpe de Estado ás institucións democráticas, entra agora nelas con acta de deputado.

Recoméndenos algunhas lecturas nas que poidamos descubrir cousas dese tempo.

MF: Buf, cantos caracteres tedes? Hahah. Hai moitos: *Nos des a esquecemento, Pontevedra nos anos do medo, Seique, Vémonos mañá* ou os imprescindíbel *El holocausto español* de Paul Preston e *Mujeres bajo sospecha* coordinado por Raquel Osborne... Pero déixame que hoxe recomende tanto a web *Do gris ao violeta* do Concello de Pontevedra como o apartado de publicacións da Deputación, onde aínda se poden atopar e descargar moitos dos títulos que fixemos no departamento de Memoria. *O pasado por vir, Desmontando a propaganda*

franauista, O fardel da memoria de Conde Corbal ou A música represaliada, entre outros... Tamén me gustaría recomendar á xente moza, ou non tan moza, que queiran achegarse a esta temática, que acudan a textos de BD, como *O berro da motocicleta, Retorno á illa de San Simón, As nove cruces*, ou xa fóra do noso país a colección de *A balada do norte* sobre a revolución asturiana.

Según o proxecto Nomes e Voces, 156 veciñ@s de Marín sufriron a represión durante os primeiros anos da guerra. Moita xente fala da importancia do perdón o de esquecemento ante este tipo de sucesos, vostede estes días participará na homenaxe que Marín prepara para unha delas, Carmen Pesqueira Domínguez, A Capirota. Debemos esquecer para curar?

MF: Unha das cousas máis bonitas que eu lin na vida foi *Dolor de muelas*, un texto de Antonio Gala incluído en *El águila bicéfala*. Explicaba que o único xeito de curar un mal é enfrontarse a el, tratalo para superalo. Porque se deixas que a moa siga doendo sen ir ao dentista acabará infectándose. El facía un símil co mal de amor pero eu creo que é válido tamén para a memoria: Se non tratamos esta ferida colectiva seguirá enquistándose... Esa foi outra das cousas relevantes que eu aprendín nestas dúas décadas: que os traumas hérdanse, e temos a obriga de non deixarlle o traballo da memoria por facer á seguinte xeración. O que temos que legarlle é o soño republicano, ese pasado glorioso que aínda está por vir. Nesa débeda co pasado, Marín leva vantaxe grazas o traballo impagábel realizado por Queta e a asociación de memoria, pero son as institucións as que teñen a obriga non só de apoialas senón de tomar a iniciativa e poñer en marcha políticas públicas de memoria dotadas de contido, que nos axuden a coñecer non só o drama das vítimas senón tamén as súas ideas, o proxecto de sociedade que querían construír e que desbotou o franquismo.